XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

ANTEPROXECTO DE LEI DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CVE: MIZXwo35Z8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

1. OBXECTO

O obxecto da presente memoria é xustificar a necesidade de elaborar unha nova lei do residuos e solos de Galicia, que veña a substituír á Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e os cambios máis transcendentais que se pretender introducir con respecto a aquela, analizando a incidencia de cada un deles en relación á situación actual.

Co seu contido dáse cumprimento ao esixido nos artigos 6 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo decreto 111/1984, do 25 de maio (DOG nº141, do 24 de xullo de 1984).

2. INTRODUCIÓN

2.1. Marco normativo e antecedentes

A tramitación dunha nova Lei de residuos e solos contaminados de Galicia pretende proporcionar á Comunidade Autónoma de Galicia un réxime xurídico completo e actualizado, de conformidade co marco normativo vixente, en materia de produción, xestión de residuos e solos contaminados.

A Constitución española, no seu artigo 45 recoñece o dereito de todos os españois a gozar dun medio adecuado para a persoa e establece o correlativo deber de conservalo. Así mesmo, por medio dos artigos 148 e 149, leva a cabo unha distribución das competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, en virtude das cales corresponde ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación básica sobre a protección do ambiente e ás comunidades autónomas a súa xestión así como o establecemento de normas adicionais de protección.

A Comunidade autónoma de Galicia asumiu, a través do artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do medio ambiente en virtude da cal nosa Comunidade Autónoma vén ditando normas específicas sobre a produción e a xestión de residuos, tal foi o caso da aprobación, no seu día, da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, que constituíu a norma marco de referencia en materia ambiental, así como a aprobación máis adiante da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, xustificada pola necesidade de completar o marco xurídico xa existente regulando, de conformidade co disposto na normativa básica aprobada nos últimos anos, a produción e xestión de residuos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A aprobación da lei responde á concorrencia de circunstancias similares ás que motivaron, dez anos antes, a elaboración da Lei 10/2008 referida.

A continuación resúmense os motivos que serven de fundamento á confección do presente documento. Pero afondando un pouco máis, a última causa, totalizadora das enumeradas, sería a firme crenza de que deste xeito cooperase á prestación do mellor servizo á cidadanía no marco da consecución da eficacia, principio constitucional que debe ser directriz da actuación de todas as Administracións públicas (artigo 103.1 da Constitución Española).

CVE: MiZXwo35Z8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.2. A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia

O 18 de novembro de 2008 publícase no Diario Oficial de Galicia nº 224 a Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Esta lei, cuxo contido pretende proporcionarlle á Comunidade Autónoma de Galicia un sistema actualizado de protección reforzada do ambiente, dotado de instrumentos máis precisos e adecuados á realidade que lle é propia, ao tempo que proporciona un marco estable en que tanto as actividades e os proxectos privados como a planificación pública poderán contribuír aos obxectivos de protección ambiental que nela se establecen.

Neste contexto, a Lei de residuos de Galicia establece o réxime xurídico xeral aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia á produción e xestión dos residuos, e fomenta, por esta orde, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización.

Así mesmo, a lei regula aspectos como a planificación autonómica e local, o réxime de autorización administrativa para as actividades de produción, posesión e xestión dos residuos, a repartición de competencias e a regulación dos solos contaminados.

A aplicación práctica desta norma, ao longo destes anos tamén determina a necesidade de realizar modificacións nalgúns dos aspectos regulados nesta lei co obxecto de acadar una protección máis eficaz do medio a través da regulación da produción e a xestión de residuos e os solos contaminados.

2.3. Obxectivos

Establecer, no ámbito galego, un marco xurídico que proporcione os instrumentos que permitan disociar a relación existente entre crecemento económico e a produción de residuos, facendo fincapé na prevención, no principio de xerarquía na produción e xestión de residuos centrada principalmente na prevención, na preparación para a reutilización, e na valorización de residuos, nesta orde, ao tempo que se fornece a transformación da economía galega nunha economía circular.

Por iso, co obxectivo fundamental de facilitar e promover a transición da nosa Comunidade Autónoma cara a unha verdadeira economía circular, segundo as premisas impostas no ámbito comunitario, este departamento autonómico fixouse o obxectivo de dotar a Galicia da súa propia estratexia de economía circular, co fin de desenvolver o marco establecido pola Comisión, adaptándoo ás súas peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas, comportando non só beneficios ambientais asociados á correcta xestión dos residuos, á protección do solo, das augas, do aire, ou do clima, senón que proporcionará igualmente beneficios económicos e sociais asociados.

O presente texto normativo nace imbuído dese espírito de cambio e é que unha transición dese tipo brinda a oportunidade de transformar a nosa economía e de xerar novas vantaxes competitivas e sustentables para Europa, en xeral, e para Galicia, en particular, polo que a nosa Comunidade Autónoma desexa unha activa participación neste proceso incorporando á presente lei, como principios inspiradores, a economía circular e a loita contra o cambio climático.

Desde esa orientación, alcanza ademais condición de principio xeral informador da política de residuos o principio de xerarquía na prevención e xestión, onde a base da pirámide, e por tanto, o maior esforzo das administracións públicas debe corresponder á prevención do residuo, e por

CVE: MiZXwo35Z8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

esta orde, á preparación para a reutilización, a reciclaxe, a valorización (incluída a enerxética) e por último, a eliminación.

Así, ademais do exposto, como obxectivos propostos coa elaboración do texto, preténdese:

- ✔ Dispoñer na nosa Comunidade Autónoma dun marco normativo que, de conformidade co marco competencial referido, concilie o réxime xurídico común ou básico coas peculiaridades que presenta ou pode presentar a xestión dos residuos no noso territorio.
- ✔ Actualización dos textos anteriores adaptándoos á normativa básica estatal, introducindo elementos novos ou mantendo outros que se modifiquen parcial ou totalmente.
- ✔ Procurar unha normativa máis completa en cada unha das materias para regular, tecnicamente máis acomodada para facer fronte ás necesidades existentes na nosa Comunidade e acorde coa experiencia e os avances que esta materia experimentou nos últimos anos.
- ✔ Simplificar as cargas administrativas impostas ao administrado así como a mellora no control e a xestión efectiva dos procedementos administrativos regulados.

3. RESUMO E ANÁLISE

O articulado da proposta de anteproxecto de Lei estrutúrase en IX Títulos que desenvolven 88 artigos.

O Título preliminar regula, nas súas Disposicións Xerais, os aspectos inspiradores do Directiva Marco de Residuos e da política de residuos da Unión Europea que se sinalaron nesta exposición de motivos: concepto, obxectivos, definicións, fin da condición de residuo e subproduto.

O Capítulo II regula a distribución competencial entre as Administracións Públicas galegas, establecendo a necesaria coordinación interadministrativa entre as mesmas.

No Capítulo III, recóllense os principios da política de residuos, entre os que resalta o principio de xerarquía de residuos e o principio de quen contamina paga de tanta transcendencia nesta materia.

O Título I, “Instrumentos das Políticas de Residuos”, establece a regulación dos Plans de Xestión e dos Programas de Prevención de Residuos a nivel autonómico, especificando os mecanismos de seguimento e control así como do cumprimento dos seus obxectivos e os supostos de revisión dos mesmos. Contémplanse así mesmo os Programas Locais de Prevención e Xestión de Residuos.

O Título II, “Da produción, posesión e xestión de residuos” consta de sete Capítulos. No Capítulo I, quedan establecidas as obrigacións do produtor ou outro posuidor inicial do residuo, así como as obrigacións que se asumen na xestión. Recóllense os supostos nos que resulta necesario a constitución dun seguro e/ou unha fianza e elimínase a obriga de realizar unha autodiagnose ambiental aos produtores de residuos industriais.

O Capítulo II regula o réxime de intervención administrativa de todas as actividades relacionadas coa produción e xestión de residuos, incluídas as levadas a cabo polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, refundindo nun só artigo todas as actividades

CVE: MiZXwo35Z8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

sometidas a autorización ou comunicación previa. Ademais recóllense os supostos nos que será necesario solicitar informe a outras administracións, establecendo o carácter preceptivo e vinculante destes informes.

O Capítulo III, establece o réxime xurídico do traslado de residuos. A este respecto, debido á recente normativa estatal publicada, na que, non só regúlase o traslado de residuos entre comunidades autónomas senón que tamén se establecen requisitos básicos a cumprir en todos os traslados de residuos realizados dentro do territorio estatal, era necesario clarificar o réxime xurídico do traslado de residuos en Galicia. Así, para dotar dunha maior seguridade xurídica aos operadores e en aras de facilitar a aplicación da normativa sobre rastrexabilidade de residuos derrógase o Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade de residuos. Ademais, por primeira vez, a nivel de norma con rango de lei, faise referencia á existencia da plataforma electrónica que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pon a disposición dos produtores e xestores con instalacións na comunidade autónoma de Galicia para permitir e facilitar o cumprimento das súas obrigacións na materia, tanto respecto dos movementos realizados dentro da comunidade autónoma como respecto dos movementos realizados entre comunidades autónomas e cuxo uso é obrigatorio.

O Título IV “Da xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais” desenvolve o réxime xurídico dos puntos limpos, establécese a necesidade de fomentar a creación de puntos de recollida de residuos industriais e a implantación de sistemas de compostaxe doméstica e comunitaria, así como medidas para a redución do desperdicio alimentario. Así mesmo recóllense prohibicións sobre a entrega gratuíta de bolsas de plásticos e a venda de vaixela dun só uso, excepto para aqueles casos en que estes utensilios estean fabricados con material respectuoso co medio ambiente.

O Título V regula a responsabilidade ampliada do produtor do produto, recollendo os aspectos máis básicos da normativa estatal e regulando os Convenios de Colaboración.

O Título VI prevé a declaración de utilidade pública e interese social no establecemento ou ampliación de instalacións de xestión de residuos a efectos da lexislación sobre Expropiación Forzosa que xa se recollía na anterior Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

O Título VII regula os Solos Contaminados. O Capítulo I, introduce os principios da política de solos. Actualízanse as actividades potencialmente contaminantes do solo, derrogándose a relación de actividades contida na normativa autonómica por referencia expresa á listaxe contida na lexislación básica estatal, clarificándose ademais algúns supostos específicos de non aplicación da normativa de solos e recolléndose as obrigacións de información que con carácter xeral establécense neste ámbito.

O Capítulo II regula os instrumentos de avaliación de calidade do solo, xa recollidos dean a normativa sectorial.

O Capítulo III regula a declaración de solos contaminados, os seus efectos e os suxeitos obrigados á súa recuperación así como a posibilidade de reparación de maneira voluntaria.

O Capítulo IV relaciona un conxunto de instrumentos de políticas de solos.

O Título VIII, regula o marco xurídico de subvencións así como as accións de promoción e difusión para alcanzar os obxectivos da Lei.

CVE: MiZXwo35Z8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O Título IX, "Responsabilidade, vixilancia, inspección e control", desenvólvese en tres Capítulos: Capítulo I "Responsabilidade, vixilancia e control", onde se detallan os órganos competentes, os servizos de inspección e vixilancia, e a inspección.

O Capítulo II: "Réxime sancionador", onde se regula a potestade sancionadora, a responsabilidade administrativa e os suxeitos responsables.

Por último, no Capítulo III, "Procedemento sancionador", regúlanse as consecuencias derivadas de situacións de urxencia, mediante a adopción de medidas provisionais. Por último, establécense os órganos competentes para a imposición das sancións.

A Lei termina con dúas Disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha derrogatoria e dous finais.

A Disposicións adicionais regulan a tramitación electrónica da totalidade dos procedementos incluídos nesta lei e a recuperación de solos degradados por verteduras incontroladas.

Expresamente derrógase a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, o Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, de rastrexabilidade de residuos, o Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que se publica o catálogo de residuos de Galicia, o artigo 3.2 do Decreto 125/2012, do 10 de maio e todas aquelas disposicións que se opoñan ou contradigan ao establecido na proposta de anteproxecto.

4. Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

Procede neste apartado e conforme co artigo 37, letra a) da lei 14/2013, do 26 de decembro, xustificar a adecuación deste anteproxecto aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

Ao respecto cómpre sinalar:

- ✔ A necesidade de elaborar e de ser o caso, aprobar esta disposición aparece recollida no apartado 2.3 desta Memoria xustificativa relativa aos obxectivos desta disposición, obxectivos que respostan á necesidade de adecuación á lexislación básica comunitaria e estatal na materia e á necesidade de actualizar e modernizar a lexislación autonómica en materia de residuos para dar resposta ás distintas problemáticas que están a incidir nesta materia.
- ✔ A proporcionalidade queda de manifesto no sentido de tratarse dun anteproxecto que regula aspectos básicos en materia de residuos, non configurándose como unha norma excesivamente regulamentarista, senón que difire determinadas cuestións a un futuro desenvolvemento regulamentario.
- ✔ O principio de seguridade xurídica resulta plenamente observado nesta disposición, na que se recollen numerosas definicións e limitacións que garantan unha adecuada produción e xestión de residuos que minimice o seu efecto no medio, e o réxime de intervención administrativa aplicable.
- ✔ Este anteproxecto de lei adecúase igualmente ao principio de transparencia, xa que logo non só se tramitará de conformidade cos esixencias da lei 27/2006, do 18 de xullo, de regulación dos dereitos de información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, senón que tamén é acorde coas esixencias da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CVE: MiZXwo35Z8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.Táboa de vixencias

5.1. Disposicións derrogadas

Esta disposición de rango legal derroga as seguintes normas:

- ✔ Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- ✔ Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, de rastrexabilidade de residuos.
- ✔ Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que se publica o católogo de residuos de Galicia.

5.2. Disposicións afectadas

Esta disposición de rango legal afecta expresamente ás seguintes disposicións:

- ✔ Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mantense a vixencia de todas estas normas en todo aquelo que non se opoña á presente lei.

Conforme co exposto, queda constatado o acerto e oportunidade do anteproxecto de lei do residuos e solos contaminados de Galicia.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: FERREIRA COSTA, MARIA CRUZ
Cargo: Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Data e hora: 15/02/2019 15:38:59

CVE: MiZXwo35Z8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve